

O acordo inadiábel

A Nosa Terra 912, 9
Dezembro 1999, p. 21

VÍTOR VAQUEIRO

En máis dun xornal do país existe un sosegado confronto de opinións verbo do recorrente problema normativo referido á nosa escrita. E digo recorrente porque, da mesma maneira que cada vez que o Estado español se ve asolagado nunha ondaxe de liberdades formais o problema das nacións sen estado que no seu interior se achan xorde outravolta con forza, da mesma maneira, coido, cada vez que o galego se defronta a unha xeira normalizadora o problema de cal norma escollermos ocupa praza sobresaínte. Así leva acontecendo desde os tempos do postfranquismo, ás veces cunha virulencia insospeitada que, por sorte, non se dá detectada arestora.

Desde o meu punto de vista o acordo ortográfico non se pode seguir adiando porque, entre outras cousas, non é certa a posición dos que cren que non hai nada que mudar, sinalando que existe unha norma oficial que cómpre obedecermos por simples patriotismo. Conviria recoñecer que unha norma é algo, como calquer outra creación humana, suxeito ao evoluir do tempo e máis da historia, e, xa que logo, suxeita ás leis do troco. Conviria lembrarmos que a normativa que hoxe posuímos veu substituír a outra que a Xunta da Galiza e, no seu nome, Alejandro Fernández Barreiro sancionaron nun recuado día de hai case vinte anos. Conviria un esforzo de todas e de todos para chegar a acordos, sabendo, desde xa, que ese acordo –como todos– tería de ser produto da concesión recíproca e, polo tanto, non habería de compracer plenamente a ninguén, mais deixaría a porta aberta a que moitas persoas esqueceran a norma para se centraren no texto. Conviria, ao cabo, comprendermos que a propia norma oficial posúe unha manchea de opcións (ó/ao; -ería/-aría; -ble/-bel; r ol/ -lo; -íct/-/ít-; -uct/-/ut-, etc.) que a converten, na práctica, en algo surpendente, aínda que, con efecto, os poderes públicos acostumen furtar as segundas formas das opcións devanditas. Conviria, en resumo, recoñecermos que o porvir do noso idioma *no que se refire aos aspectos gráficos* está no achegamento, até onde for posíbel, ao veciño do Sul e que, se non fose por ese referente (collo os exemplos que seguen dun texto oficial de hai un cuarto de século, poñendo entre parénteses a opción aconsellada naquela altura) serían incorrectas as voces *achar* (*atopar*), *ar* (*aire*), *cidade* (*ciudade*), *comezar* (*comenzar*), *coñecer* (*conocer*), *diabo* (*demo*), *esquecer* (*esquencer*), *estrada* (*carreteira*), *isolado* (*illado*), *liberdade* (*libertade*), *luvas* (*guantes*), *paixón* (*pasión*), *rédea* (*ramal*), *sen* (*sin*), *só* (*soio*), *termo* (*término*), *xanela* (*ventano*), *xornal* (*periódico*) e unha rea infinda. Os *lusismos* de onte son hoxe a forma oficial.

Moi outros son os problemas léxico, sintáctico e fonético. ♦